Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2022/3

DATA: mércores 9 de febreiro de 2022

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:34 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA AVELINA CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
XOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL
BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).
doc. 385,823 exp. 2022/G010/000003

CVD: CSAA3P9eW+gqOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN
2. TOMA DE POSESIÓN DE XOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ COMO CONCELLEIRO DO BNG.
3. POS + 2022
4. POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está,asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=Ge4q_35RJe8**

PROPOSTAS ORDINARIAS

## 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de presentación na plataforma do SUBTEL da Deputación da Coruña, do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2022" da Deputación Provincial da Coruña, que remata o día 11 de febreiro, polo que é necesario a súa aprobación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a urxencia.

CVD: CSAA3P9eW+gqOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

## 2 TOMA DE POSESIÓN DE XOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ COMO CONCELLEIRO DO BNG

Dáse lectura da proposta presentada:

## PROPOSTA ACORDO

Recibida da Xunta Electoral Central credencial expresiva de que don XOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ foi designado concelleiro do Concello de Rianxo (A Coruña), por esta incluído na lista de candidatos presentada polo Bloque Nacionalista Galego ás eleccións locais de maio de 2019, en substitución, por renuncia, de dona Adelina Ces Quintáns. e presentadas as oportunas declaracións sobre bens de dereitos patrimoniais e sobre causas de posible incompatibilidade e actividade conforme ao disposto no artigo 75.7 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, en sesión plenaria extraordinaria de data de **9 de febreiro de 2022** procedeuse a xurar ou prometer o cargo polo novo concelleiro conforme á fórmula contida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, dándoselle posesionado como concelleiro do Concello de Rianxo polo Bloque Nacionalista Galego (BNG).

## 3 POS + 2022

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2022 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder subir a plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña a solicitude de subvención que remata o prazo o venres 11 de febreiro de 2022

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

**3º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2022", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 26 de novembro de 2021.



CVD: CSAA3P9eW+gQOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais posto que a contía asignada a gasto corrente supón un financiamento fundamental para os servizos públicos obrigatorios, que permite a redución do endebedamento do concello cos provedores e entidades financeiras e que os investimentos propostos contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños do concello respectando as exixencias de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ 2022", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

**1º.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2022":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

| | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes | **36.974,47** |
| Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final) | **0,00** |
| **Subtotal gasto corrente** | **36.974,47** |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| **ACHEGA PROVINCIAL 2022** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Concello** | | | **Orzamento total** |
| | | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | |
| **CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE RIANXO** | **171.432,87** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **171.432,87** |
| **Subtotal** | | | | | |



CVD: CSAA3P9eW+gQOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**Rianxo**
Concello

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **investimentos achega provincial 2022** | **171.432,87** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **171.432,87** |

| **ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | **Orzamento total** |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só abastece. auga potable)** | **Total Concello** | |
| **INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN CENTRO SOCIO-CULTURAL LICEO MARÍTIMO EN RIANXO** | **38.749,94** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **38.749,94** |
| **ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO-BLOQUE B** | **22.983,71** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **22.983,71** |
| **ILUMINACIÓN PASEO MARÍTIMO: SETEFOGAS-A TORRE** | **31.626,31** | **4.118,46** | **0,00** | **4.118,46** | **35.744,77** |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2021** | **93.359,96** | **4.118,46** | **0,00** | **4.118,46** | **97.478,42** |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

| **Entidade financeira** | **PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda** |
|---|---|
| ---------------------------------------------------------------------------------------------------- | **0,00** |
| **Subtotal redución de débeda con entidades financeiras** | **0,00** |

**D)Resumo:**

| | | **Concello** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO** | **Deputación** | **Concello** | **IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )** | **Total concello** | **Orzamento Total** |

CVD: CSAA3P9eW+gQOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A- GASTOS CORRENTES | Achega 2022 | 36.974,47 | | | | 36.974,47 |
| | Achega 2021 (Excep. Base 2.1) | 0,00 | | | | 0,00 |
| B- INVESTIMENTOS | Achega 2022 | 171.432,87 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 171.432,87 |
| | Achega 2021 | 93.359,96 | 4.118,46 | 0,00 | 4.118,46 | 97.478,42 |
| C- REDUCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| | Achega 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Achega 2021 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Préstamo 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| | TOTAL | 301.767,30 | 4.118,46 | 0,00 | 4.118,46 | 305.885,76 |

**2º.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A) | IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B) | Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B) |
|---|---|---|---|
| DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO | 168.420,21 | 3.130,53 | 165.289,68 |
| AMPLIACIÓN DE VARIOS TRAMOS DA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE TARAGOÑA | 106.840,58 | 18.542,58 | 88.298,00 |
| TOTAIS | 275.260,79 | 21.673,11 | 253.587,68 |

**3º.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou ten solicitado/presentado, de conformidade cos informes técnicos obrantes no expediente, os/as informes/autorizacións/declaracións responsables/comunicacións previas precisos/as relacionado/as coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**4º.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a



CVD: CSAA3P9eW+gQOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

houbera.

**5º.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**6º.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**7º.-** Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**8º.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 4 POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder subir a plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña a solicitude de subvención que remata o prazo o venres 11 de febreiro de 2022

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

CVD: CSAA3P9eW+gQOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Dáse lectura da proposta presentada:

**4º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2022", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 26 de novembro de 2021.

Visto que xunto co POS+ 2022 regúlase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ AD 1/2022", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ Adicional 1/2022"** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---|---|
| Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022 | **72.942,58 €** |
| Achega provincial **SOLICITADA** para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | **72.942,58 €** |

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2022 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO |
|---|---|---|---|



CVD: CSAA3P9eW+gQOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | (Pode ser superior ao importe solicitado) |
| | (A) | (B) | (A-B) |
| a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.<br><br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación. | 42.273,70 € | 0,00 € | 42.273,70 € |
| b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.<br><br>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €. | | | 0,00 € |
| c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.<br><br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que | 774.944,35 € | 697.242,26 € | 77.702,09 € |

CVD: CSAA3P9eW+gqOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| corresponde a horas xa concedidas. | | | |
| d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios. | | | 0,00 € |
| e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais. | | | 0,00 € |
| f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas. | | | 0,00 € |
| g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. | | | 0,00 € |
| **SUBTOTAL GASTOS CORRENTES** | **817.218,05 €** | **697.242,26 €** | **119.975,79 €** |
| h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.<br><br>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios. | | | 0,00 € |
| i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).<br><br>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios. | | | 0,00 € |



CVD: CSAA3P9eW+gqOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** |
| **TOTAL** | **817.218,05 €** | **697.242,26 €** | **119.975,79 €** |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está,asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=Ge4q_35RJe8**

CVD: CSAA3P9eW+gqOOExKNV1
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.